

ORALIDADE

REFRÁNS NECESARIOS PARA O EXERCICIO 4

- PARA OS MESES

XANEIRO: Polo san Vicente, toda a auga é semente. // Polo san Antón, a galiña pon. // Polo san Antón, trompos ao caixón. // Polo san Sebastián, a laranxa na man. // Pola santa Inés, auga unha soa ves [é dicir, todo o día]. // Polo san Amaro, trompos ao faiado. // Andar ás celeiras coma as gatas á xaneira.

FEBREIRO: Se a Candeloria chora, o inverno fóra. Se a Candeloria ri, o inverno está por vir. // Pola Candeloria, metade do inverno fóra. // Polo san Blas, aparellos para atrás. // Polo san Matías, comeza as enxerías. // San Matías anda co Entroido ás porfías.

MARZO: Cando a rula rular, comezan os campos a florear. // Polo san Xosé, a andoriña verei. // O ramo de san Xosé todos os anos florece. // Polo san Raimundo, vén a andoriña do outro mundo. // San Benito Cabaceiro é o san Benito verdadeiro. // Por san Xosé, dálle á poda polo pé.

ABRIL: Cando vén o cuco, vén o millo ao suco. // Polo san Marcos, sementa polos altos. // Se por san Xurxo chove, de cen cereixas collerás nove. // O millo por san Marcos nin nace nin no saco. // Altas ou baixas, neste mes caen as Pascuas. // Pascuas enxoitas, ano de froitas.

MAIO: Por san Matías, tan longas son as noites como os días. // Se chove na semana da Ascensión, nin boa faba, nin bo melón. // Se chove pola Ascensión, o trigo collerás mourón. // Na semana da Ascensión, tres días carne e tres días non.

XUÑO: Polo san Xoán, a sardiña molla o pan. // No mes de san Xoán corre o lobo tras do can. // Ata o corenta de maio non saques o saio. // Polo san Xoán comeza o verán. // Se san Xoán chora, a silveira non dá amora. // Polo san Xoán, rapa o carneiro a la. // Polo san Xoán, os trompos ao chan.

XULLO: Pola santa Mariña, anda o raposo tras da galiña. // Pola santa Mariña, o trigo metido na arquiña. // Polo Santiago, fouciño ao agro. // No mes de Santiaguíño, apaña o teu fouciño.

AGOSTO: Despois de santa María, non toques o porco da ría [refírese ao marisco]. // Despois da Peregrina, o inverno vén enriba. // Pasados os Remedios e san Roque, xa non hai sesta nin merendote. // Pola santa María, rapa a túa añaña. // Polo san Agustín; andan as noces no rolín. // Polo san Ramón anda o verán: vou ou non me vou.

SETEMBRO: Polo san Mateu, vendima ti e vendimarei eu. // San Miguel das uvas maduras, tarde me vés e pouco me duras: se dúas veces viñeras, moito ben nos deras // Polo san Miguel, mete as uvas no tonel. // Polo san Miguel, están as uvas o mesmo ca mel.

OUTUBRO: Polo san Lucas moito saben as uvas, porque xa quedan poucas ou ningunha. // Polo Pilar, os nabos na terra e o viño envasar. // Na mesa de san Francisco, o que hai para catro chega para cinco.

NOVEMBRO: No mes dos mortos, non saches a horta nin capes os porcos. // No mes de san Martiño, castañas e viño. // Castañas, noces e viño fan a ledicia do san Martiño. // Polo mes de Santos, xa baixa a neve aos campos. // No mes do san Martiño, mata o teu porquiño. // Bendito o mes que comeza en Santos e acaba no san Andrés.

DECEMBRO: Quen queira bo allal, que o poña no mes de Nadal. // Pola santa Lucía, tan longa é a noite como o día. // Castañas en Nadal: saben ben e parten mal. // No mes de Nadal, ao carón da lareira vaite sentar.

- PARA AS ESTACIÓNS DO ANO

A castaña por setembro regaña e, cando chega ao Nadal, sabe ben mais parte mal. **(OUTONO)**

De Santos a Nadal hai seca de verdá. **(OUTONO / INVERNO)**

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, verceiro; marzo, airoso; abril, chuvioso; maio, pardo; san Xoán, claro: valen máis estes meses ca as súas mulas co seu carro. **(INVERNO / PRIMAVERA)**

En abril pendoril, en maio espigado e no san Xoán granado. **(PRIMAVERA)**

Marzo ventoso e abril chuvioso fan un maio florido e fermoso. **(PRIMAVERA)**

En marzo nazo, en abril estou no cubil, en maio saio, polo san Xoán ando tras do can e polo santa Mariña xa pillo a galiña. **(PRIMAVERA / VERÁN)**

De san Xoán a setembro, todo o mar é corrente. **(VERÁN)**

Museo do Pobo Galego